



Concello de Castrelo de Miño

Expediente núm. 263/2020

Asunto: Aprobación de axudas de emerxencia social derivada da situación de crise sanitaria. COVID-19

Documento asinado por: Alcaldía/Secretaría

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a situación excepcional de estado de alarma declarado polo Goberno de España mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67 do 14.03.2020), prorrogado a día de hoxe, ata o 12 de abril de 2020 polo Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo.

Vistos o artigo 10 e o Anexo do antedito Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, sobre suspensión de determinadas actividades comerciais e de equipamentos.

Visto o Real Decreto-Lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se acorda a suspensión de todas as actividades non declaradas esenciais.

Considerando a repercusión que a suspensión de contratos e de actividades como consecuencia da aplicación da normativa referida pode traer para as economías familiares.

Considerando o principio comunitario de intervención en beneficio das persoas mais necesitadas, e coa finalidade de garantir a cobertura de necesidades básicas de manutención daquelas persoas que pola situación actual poidan atoparse nunha situación económica precaria sobrevida polas circunstancias extraordinarias descritas.

En uso das atribucións que me confire a lexislación vixente e, en particular, o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar unha liña extraordinaria de axudas para emerxencia social destinada a adquisición de produtos de primeira necesidade, tales como alimentos e produtos de hixiene.

SEGUNDO. Poderán ser beneficiarias destas axudas a persoas/familias empadroadas no Concello de Castrelo de Miño cuxa situación económica se vise afectada negativamente como consecuencia directa das medidas governamentais adoptadas na situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19, e que reúnan os requisitos seguintes:

- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Castrelo de Miño na data de publicación da presente resolución.
- Que sendo traballador por conta allea o seu posto de traballo fose obxecto dun ERTE ou outra modalidade de suspensión ou cese da relación laboral.
- Que estando cotizando no Réxime Especial de Traballadores Autónomos en calquera das actividades decretadas polo Goberno como non esenciais, se vise obrigado ao peche ou cese da actividade.
- Non ter recibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outro ente público ou privado.
- Que a capacidade económica da unidade de convivencia, (computan todos os membros), non supere os tramos que se detallan de seguido:



Concello de Castrelo de Miño

N.º DE MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	MODULACIÓN IPREM 2020: 537,84 EUROS/MES
1	537,84
2	591,62
3	645,41
4	699,19
5	752,98
6 ou mais	Incremento do 10% (>53,78) por cada membro mais)
Nos seguintes casos o incremento será do 20%	
1 persoa menor de idade	20%de 537,84 = 107,56
1 persoa con discapacidade	20%de 537,84 = 107,56
1 persoa maior de idade dependente	20%de 537,84 = 107,56
Dedución vivenda habitual: gastos de hipoteca ou aluguer	MÁXIMO 250,00

TERCEIRO. A axuda prevista para a situación de emerxencia social descrita organizarase en forma de vales canxeables na tenda de alimentación de Loly, en Fondo de Vila (Macendo) do Concello de Castrelo de Miño e no Supermercado Froiz de Ribadavia, coa contía e periodicidade seguintes:

- Familias de 1 membro: 100 €/mes
- Familias de 2 membros: 150 €/mes
- Familias de 3 membros: 200 €/mes
- Familias de 4 membros ou mais: 300 €/mes

Os vales facilitaranse ás persoas beneficiarias cada quince días e pola metade do seu importe para cada período.

Estas axudas manteranse todo o tempo que dure o estado de alarma ou ata o recomezo da actividade laboral ou profesional que se viña desempeñando, o que primeiro suceda.

CUARTO. A solicitude e acreditación da situación económica sobrevida pola declaración do estado de alarma, realizarase conforme ao modelo que se anexa á presente Resolución e que se aproba coa mesma.

QUINTO. Dar conta da presente resolución ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Castrelo de Miño, 7 abril de 2020

O Alcalde,

Esteban Suárez Méndez

A Secretaria-Interventora,

Marta Izquierdo Gamallo

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





Concello de Castrelo de Miño

ANEXO. MODELO SOLICITUDE

SOLICITUDE AXUDA EMERXENCIA SOCIAL COVID-19

NOME E APELIDOS	DNI
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO DE CONTACTO
DIRECCIÓN COMPLETA	
TRABALLADOR/A AUTÓNOMO/A: ESPECIFICAR ACTIVIDADE	
TRABALLADOR/A POR CONTA ALLEA: ESPECIFICAR EMPRESA	

Medio predeterminado para notificacións e comunicacións:

- En papel
- Electrónico

NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR (<i>*verificarase co Padrón Municipal</i>)
IDENTIFICACIÓN DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR (<i>*achegar copia do DNI de todos os membros da unidade familiar</i>)
•
•
•
•
•
INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR
ACREDITACIÓN DA SITUACIÓN LABORAL DA UNIDADE FAMILIAR
• Traballando. <i>*achegar copia da derradeira nómina de todos os membros que traballen</i>
• Desempregado. <i>*achegar copia da tarxeta de desemprego expedida polo SEPE</i>
• Pensionista. <i>*achegar certificado de pensións ou documentación acreditativa</i>





Concello de Castrelo de Miño

- Traballador/a por conta allea afectado por suspensión de contrato como consecuencia da crise sanitaria do COVID-19 (ERTE, etc.)
**achegar certificado de cese da empresa*

- Traballador/a autónomo afectado pola suspensión da súa actividade como consecuencia da crise sanitaria do COVID-19 (ERTE, etc.)
**achegar certificado de alta na actividade de que se trate*

OUTRA INFORMACIÓN RELATIVA AOS INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR

- Achegar extracto bancario cos movementos dos derradeiros 30 días de todos os membros da unidade familiar
- No caso de alegar pago de hipoteca, aluguer ou aboamento de pensións alimenticias por fillo/s a cargo, deberán achegar a documentación acreditativa de tal situación.

Autorizo a que os meus datos sexan comprobados coa documentación que obra en poder das Administracións Públicas, así como o acceso de toda aquela documentación que sexa necesaria co solo fin da tramitación destas axudas, segundo o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía de Dereitos Dixitais.

- Autorizo
- Non autorizo

Dadas as especiais características da axuda solicitada e o carácter finalista da mesma, declaro a ACEPTACIÓN EXPRESA da axuda no caso de que sexa outorgada, comprometéndome a destinada á finalidade para a que foi concedida e a xustificar o gasto.

- Si, acepto.
- Non acepto.

Castrelo de Miño, a de de 2020

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO

